

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 17

ano 3

xullo-agosto 2008

A RELIXIOSIDADE NOS TESTAMENTOS

Neste número de *Fron da* preténdese recoller, a través do estudo das derradeiras vontades, a **idea da morte**, un dos grandes tópicos do Barroco, que deixou unha pegada patente en todas as actividades: artísticas, culturais, eclesiásticas, benéficas, económicas... A relixiosidade era o eixe central arredor do cal se articulaba a vida cotiá.

As persoas crían que despois da morte non se accedía directamente ao ceo senón que como pecadoras debían pasar un tempo indeterminado no **purgatorio**. Entre o pobo existía a idea de que este lugar era unha especie de inferno, onde as almas estaban sometidas a torturas físicas e mentais, tal como se representa no **peto de ánimas** que ilustra este número de *Fron da*. O catolicismo sostiña que a salvación e o tempo de permanencia neste estadio estaban directamente vinculados a levar unha vida de acordo cos preceptos da Igrexa: crer nos dogmas eclesiásticos, evitar o pecado, vivir con modestia... e unha vez que se cruzaba o limiar da morte a única forma de reducir o tempo de estancia no purgatorio quedada en mans dos seus achegados na terra, os cales deberían mover a compaixón de Deus mediante misas e rezos polas almas dos defuntos e a realización de **obras pías**.


O documento elixido, o testamento de Alonso González de Guede, veciño de Allariz, constitúe un claro exemplo da relixiosidade e da forma en como os individuos se enfrontaban á morte, onde o **testamento** ademais de ser un acto xurídico é tamén un acto relixioso onde aparecen reflectidos os medos e a angustia provocados ante a inmediatez do final da vida terreal.

Redacción do testamento

Como é habitual nas escrituras de últimas vontades, Alonso González no momento de redactar o seu testamento en 1781 deixou perfectamente establecido, con todo luxo de de talles, o **ritual**

funerario que desexaba.

O documento podemos estruturalo en tres partes: a primeira fai referencia ás **cláusulas devocionais**, comezando cunha declaración de estar no seu acordo e vontade para a conti-



1781, setembro, 3. Allariz
Testamento de Alonso González de Guede, veciño de Allariz.
Original; papel; escritura humanística; castelán; 220 x 320 mm
AHPOu. Casa de Villanueva de Arrojo, C. 23.925

nuación recoller as invocacións a Deus, a confirmación de fe, a crenza nos preceptos da Igrexa Católica, a invocación aos intercesores celestiais, o encomendamento da alma a Deus, pasando seguidamente a enumerar as cláusulas correspondentes ao lugar de enterramento, ao hábito con que se enterraba, o número de misas, os responsos, cabos de ano e mandas pías en sufraxio da súa alma; a segunda parte contén as **disposicións económicas**, detallando as cantidades que se lle deben e procedendo á repartición dos seus bens, dos cales unha parte irá destinada á manutención da capelanía fundada na ermida da Nosa Señora de Ouxea, na freguesía de Santa Mariña de Augas Santas (Allariz); por último, recóllense as **cláusulas** que van dar validez ao documento: presentación de testemuñas, validación notarial e sinaturas.

Entre as **mandas pías** máis habituais nos testamentos da Idade Moderna destacan a fundación de capelanías e obras pías. As primeiras encárganse da realización de actos litúrxicos, mentres que as segundas poden unir á tarefa espiritual un labor social.

Fundación de capelanías

O testador deixa constancia da súa **piedade** e devoción contribuíndo ao financiamento dunha capelanía. Con este tipo de fundacións buscaba a salvación da súa alma e nun plano máis terreal, incrementar o **prestixio social** da súa liñaxe. Un claro exemplo é o testamento que protagoniza este número de *Fronde* onde o outorgante contribúe a unha capelanía fundada por un antepasado seu, Pedro Nogueira, e da cal é patrón o seu fillo Pedro de Guede.

As capelanías eran **fundacións perpetuas** realizadas coa obriga de oficiar certo número de misas ou outros rituais sagrados previstos polo fundador. Este segregaba unha parte dos bens do seu patrimonio coa intención de contribuír á manutención do clérigo posuidor da capela, normalmente un membro da súa familia.

Fundación de obras pías

Os testamentos tamén constitúen un instrumento esencial para a comprensión da organización e funcionamento das obras pías. A obra pía daba seguridade ao fundador de que, no caso de non entrar directamente no **Paraíso** a través das misas e oracións dispostas na súa derradeira vontade, a realización de boas obras aplicadas pola súa alma lle garantiría esa entrada nun breve prazo, afastando o temor ao esquecemento e evitando a permanencia indefinida no **purgatorio**.

As obras pías teñen unha dobre finalidade, por unha parte son **actos de piedade** en sentido estrito, xa que por medio da celebración de misas ou actos litúrxicos buscan un beneficio espiritual. Por outro lado, teñen por obxecto realizar actividades de **caridade** ou beneficencia (dotes a orfas, axudas de estudos, montes de piedade, casa da paneira...), que na orde temporal aproveitan directamente a terceiros e no espiritual



Peto de ánimas do Santuario da Nosa Señora do Mundil (Cartelle) [1670].

ao fundador. Aínda que no testamento que ilustra este número de *Fronde* non aparecen fundacións deste tipo, entre os fondos do Arquivo Histórico Provincial de Ourense consérvanse os de obras pías como a de Grixoá (1650-1868), no actual concello de Viana do Bolo, para **dotar orfas** e axudas de estudos para mozos da liñaxe do fundador, ou o da **escola de primeiras letras** de San Lourenzo (1767-1772), no actual concello de Porqueira.

Nunha sociedade marcada profundamente polo medo ao máis alá este tipo de fundacións constitúen unha garantía que aseguraba, mediante a hipoteca dunha parte dos bens do individuo, a **salvación eterna**.